

FESTIVAL INTERNACIONAL DE ARTE PÚBLICA

REXENERA

DO 16 AO 26 DE XULLO · CARBALLO

FEST



carballo
turismo

REXENERA FEST 2020

Rexenera Fest, o Festival Internacional de Arte Pública de Carballo, volve este ano con moita máis creatividade e cor.

O proxecto pretende reunir cada ano o mellor da escena galega, estatal e internacional do mundo da arte urbana, para así facer da nosa vila un gran museo ao aire libre que irá medrando ano tras ano. O festival serve como unha xanela de Carballo aberta ao mundo, que sitúa no mapa á vila a través das súas rúas e favorece un turismo cultural diferente na zona urbana do concello.

Esta sexta edición terá lugar do 16 ao 26 de xullo e os artistas convidados e as artistas convidadas deste ano son:

- **Xoana Almar** (Galiza) rúa Salgueiro nº5
- **Sabek** (Madrid) rúa Buenos Aires nº 23
- **Elisa Capdevila** (Catalunya) rúa Venezuela nº 24
- **Sokram** (Galiza) Avda. da Milagrosa nº 71
- **Reskate** (Catalunya/Euskadi) rúa Santa Ana nº 10

Vémonos nas rúas! Saúde e Cor!



XOANA ALMAR

Xoana formouse como ilustradora, economista e antropóloga. Estudou en Granada e é alí onde comeza a traballar no eido da pintura a partir do 2008. No 2013 volve a Galicia e constitúe xunto a Miguel Peralta e Raquel Doallo a cooperativa Cestola na Cachola, onde traballa como muralista, pintora e ilustradora.

No seu traballo hai influencias de artistas clásicos/as da pintura galega e de artistas actuais especialmente relacionados co mundo da ilustración e o muralismo. A través das súas personaxes, maioritariamente femininas, sobresa unha búsqueda de formas sinxelas coas que tenta expresar unha personalidade ou historia de vida.



JENA, ALEMAÑA 2019

RESKATE

Reskate é o colectivo artístico formado por María López e Javier de Riba, artistas visuais de Donostia e Barcelona respectivamente. O seu taller e estudio está ubicado no barrio de Sants de Barcelona. Influenciado pola pintura clásica de letreiros, cultura popular e polo deseño gráfico, o seu traballo inclúe murais, ilustracións, exposicións e instalacións. Nos seus murais, presentan obras que conectan co espazo que os rodea, representando historias e feitos da cultura local.



ODINTSOVO, RUSIA 2019

SABEK

Sabek comeza o seu traballo intervindo nas rúas e lugares abandonados ao redor da capital onde desenvolve o seu estilo. Posteriormente empeza a producir obras máis gráficas e a experimentar con diferentes técnicas.

O seu estilo recoñécese pola representación das formas e cores que aluden ao orixen natural, especialmente naqueles animais nobres e poderosos que infunden unha forte sensación de respecto. É por isto que a obra plantexa unha reflexión en torno ao ser humano e a súa relación coa natureza, a representación animal mostra a alegoría entre o equilibrio natural e a enerxía nela implícita mediante formas minimalistas vexetais e humanas.



SOKRAM

Sokram é un creativo multidisciplinar; ilustración, muralismo e tamén a música centran a súa principal actividade, así como a faceta de curador en diversos eventos coma o DesOrdes Creativas.

O seu traballo posúe un forte compoñente social, crítico ou sarcástico nos seus discursos e destaca o seu gusto pola ironía e dobres sentidos no tratamento dos temas escollidos. O seu particular estilo bebe do graffiti, do comic underground americano, da ilustración Lowbro contemporánea e do deseño gráfico, mesturando unha liña firme e contundente con volume e elementos vectoriais que se sustentan baixo unha ampla gama cromática e rica en matices.



ELISA CAPDEVILA

A súa carreira artística comezou en 2014 estudando pintura e debuxo na escola tradicional de Barcelona. Nesa época pinta os seus primeiros murais, ao comezo como un simple exercicio onde o lenzo foi reemplazado por unha parede, co tempo dáse conta das súas posibilidades e decide enfocar o seu traballo en proxectos a gran escala.


Dende 2017, traballa activamente en festivais de arte urbana e desenvolvendo grandes murais tanto a nivel nacional como internacional, sen deixar de lado o traballo de estudio e persoal en lenzo.


- ARTISTAS 2020 -

- 1 ELISA CAPDEVILA
- 2 SABEK
- 3 XOANA ALMAR
- 4 RESKATE
- 5 SOKRAM

- ARTISTAS 2015 a 2019 -

- 1 DULK
- 2 CASE
- 3 ARYZ
- 4 NADA
- 5 SATURNO
- 6 MILU CORRECH
- 7 BORDALO II
- 8 ANIMALITOLAND
- 9 SEKONE
- 10 NÔMADA
- 11 LULA GOCE
- 12 DOA
- 13 PICHIAVO
- 14 HYURO
- 15 CURIOT
- 16 SATR
- 17 NOVE NO3L
- 18 JORIT
- 19 MILLO
- 20 BOSOLETTI
- 21 ISAAC MAHOW
- 22 ISAAC CORDAL
- 23 CINTA VIDAL
- 24 PIXEL PANCHO
- 25 DANIEL MUÑOZ "SAN"
- 26 MILU CORRECH
- 27 MARINA CAPDEVILA
- 28 LIDIA CAO
- 29 NATALIA RAK
- 30 YOSEBA MP





O CHORIS

BOSQUE DO ANÓN

O IGLESARIO

A MILAGROSA

AS LABRADAS

22

23

27

26

25

24

28

29

30

11

4

8

7

6

5

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

11

12

13

14

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

32

33

34

35

36

37

38

39

40

41

42

43

44

45

46

47

48

49

50

51

52

53

54

55

56

57

58

59

60

61

62

63

64

65

66

67

68

69

70

71

72

73

74

75

76

77

78

79

80

81

82

83

84

85

86

87

88

89

90

91

92

93

94

95

96

97

98

99

100

PROGRAMACIÓN

> ARTISTAS CONVIDAD@S:

Xoana Almar (Galiza)
Muro en rúa Salgueiro nº5
Do 16 ao 25 de xullo

Reskate (Catalunya/Euskadi)
Muro en rúa Santa Ana nº 10
Do 19 ao 26 de xullo

Sabek (Madrid)
Muro en rúa Buenos Aires nº 23
Do 18 ao 25 de xullo

Sokram (Galiza)
Muro en Avda. da Milagrosa nº 71
Do 16 ao 24 de xullo

Elisa Capdevila (Catalunya)
Muro en rúa Venezuela nº 24
Do 17 ao 26 de xullo

> DIRECTOS EN INSTAGRAM

Conversa en directo cos artistas convidad@s.

Datas e horarios: Publicaranse nas redes sociais do Rexenera Fest.

> VISITAS GUIADAS

Datas: Do 16 ao 26 de xullo de 11.00 a 12.00 e de 20.00 a 21.00

Grupos: Máximo 10 persoas (Todos os públicos)

Lugar de saída: Museo de Bergantiños (Rúa Martín Herrera nº8)

Inscripción previa: En turismo@carballo.gal ou no 981 702 077

> XOGO DE PESCADAS PARA FAMILIAS

A través deste xogo, adultos e cativos compartirán momentos de diversión ao tempo que coñecen máis da arte urbana de Carballo

Datas: Do 16 ao 26 de xullo (Todos os públicos)

Inscripción e recollida de pistas: Museo de Bergantiños (Rúa Martín Herrera nº 8)

Premios para os participantes que rematen o xogo

> BUSCANDO OURO

Con este xogo de pescudas, a modo dunha peculiar búsqueda do tesouro, xs participantes terán que mergullarse de cheo na arte urbana espaxial polas rúas de Carballo, resolver as pescudas que se lle vaian facilitando e descifrar as incógnitas inxeridas nos propios murais para poder chegar á meta e atopar o ansiado ouro.

Datas: 24 de xullo de 19.00 a 21.00 (a partir de 14 anos)

Inscripción e recollida da primeira pista e normas:
Museo de Bergantiños (Rúa Martín Herrera nº 8)

Premios: Serigrafías de edición limitada de artistas participantes e pack de merchandising para os 3 primeiros en finalizar a búsqueda.

Organiza: Concello de Carballo

Coordina: Mutante Creativo



carballo
turismo



WWW.REXENERAFEST.GAL



@rexenerafest